

A tradición oral da nosa lingua está chea de coplas e cantigas que fan referencia a nomes de herbas , arbustos e árbores.

Copia cada copla no teu caderno cambiando de liña para que formen estrofas de catro versos. Logo subliña o nome da planta e debaixo indica se se trata dunha herba, arbusto ou árbore. Por último, investiga que fotografía pertence a cada planta e logo cópialo ó lado da copla correspondente:



Hei de plantar un Piñeiro
no teu cabelo dourado
cando o piñeiro dea piña
hei de andar ao teu mandado.

debuxo:

tipo de planta: _____

A raíz do toxo verde
é moi mala de arrincar
os amoriños primeiros
son moi malos de olvidar.

debuxo:

tipo de planta: _____

O río cando vai cheo
leva carballos e follas
tan había levar
as linguas marmuradoras.

debuxo:

tipo de planta: _____

Dime rapaza bonita
con que lavas o pelo
cunha herba do monte
que lle chaman tromentelo.

debuxo:

tipo de planta: _____

Na oliveiriña do adro
descansan os paxariños
eu aínda que queira non podo
esquece-los teus cariños.

*tipo de planta:*_____

debuxo:

Teño unha herba na horta
que lle chaman celedonia
que ti para falar comigo
deuche Deus pouca memoria.

*tipo de planta:*_____

debuxo:

Aparta loureiro verde
deixa clarexar a lúa
se non vexo ós meus amores
non vexo cousa ninguna.

*tipo de planta:*_____

debuxo:

Da banda de alá do río
ten meu pai un castiñeiro
dá castañas en agosto
uvas no mes de xaneiro.

*tipo de planta:*_____

debuxo:

Debaixo da laranxeira

debuxo:

eu non gusto namorar

ten a folla miúda

non deixa ve-lo luar.

***tipo de planta:*_____**

Sachadeiras do meu millo

debuxo:

sachade o meu millo raro

de milleiro en milleiro

que colla un home deitado.

***tipo de planta:*_____**

- **Tes na casa algunha destas plantas? En caso afirmativo envíanos unha fotiño con elas.**

- **Sabes que uso ou propiedades teñen?**